
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DO HÓRREO
O 5 DE DECEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea un vogal do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, experto no eido da Administración pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Luis Menor como director xeral de Emerxencias e Interior.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Emerxencias e Interior a Santiago Villanueva.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se nomea a Guillermo Evia Pérez como novo director do Instituto de Estudos do Territorio.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2018.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se dispón que cese Cecilia Vázquez Suárez como directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a Cristina Pichel Toimil.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

- Decreto polo que se nomea a José Luis Chan director xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do 40 aniversario da Constitución española.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, por un importe total de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de construción: Vía Ártabra, treito: N-VI – AP-9, clave: AC/04/156.01.4.1, xunto co expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e catro euros (658.864 €) e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para a conservación, mantemento e colaboración na execución das obras de acondicionamento do bordo interior do Porto de Son, por un importe de tres millóns novecientos setenta e sete mil vinte e dous euros con vinte e sete céntimos (3.977.022,27 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Estratexia de economía social.

A EGAP NOMEA O CATEDRÁTICO FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA COMO VOGAL DO SEU CONSELLO REITOR

- ***Francisco Javier Sanz Larruga é catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de nomeamento do novo vogal do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, Francisco Javier Sanz Larruga, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña, que cobre a vacante existente debido ao falecemento do anterior vogal, José Luís Meilán Gil.

O Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública ten atribuída, entre outras facultades, a de establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou ás actividades que convoque a Escola.

Deste xeito, os vogais do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, na súa calidade de expertos no eido da Administración pública, son José Luis Carro Fernández-Valmayor, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela; Ángel Gómez-Iglesias Casal, catedrático de dereito romano da Universidade de Santiago de Compostela; Luís Miguez Macho, profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela; José Luís Costa Pillado, presidente do Consello Consultivo de Galicia e Francisco Javier Sanz Larruga, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña.

SANTIAGO VILLANUEVA RELEVA A LUIS MENOR AO FRONTE DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de nomeamento de Santiago Villanueva Álvarez como director xeral de Emerxencias e Interior, cargo no que substitúe a Luis Menor Pérez.

Santiago Villanueva, natural de Monterrei (Ourense), xa exerceu de director xeral de Emerxencias e Interior dende o 2009 ata o 2014, cando foi nomeado Delegado do Goberno en Galicia. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionario de corpo superior e de xestión da Xunta de Galicia.

Anteriormente foi subdirector xeral de Administración Local, subdirector xeral de cooperación e réxime xurídico, subdirector xeral de xestión e cooperación económica coas entidades locais e director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE GUILLERMO EVIA PÉREZ, COMO NOVO DIRECTOR DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

- ***Evia Pérez é arquitecto superior, na especialidade de Edificación, pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña***
- ***Destaca a súa ampla experiencia na xestión administrativa local, xa durante unha década estivo ligado ao Concello de Ferrol***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Guillermo Evia Pérez director do Instituto de Estudos do Territorio, cargo no que substitúe a Inés Santé Riveira.

Evia Pérez é arquitecto superior, na especialidade de Edificación, pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e na actualidade, ocupaba o posto de Subdirector Xeral de Proxectos e Accesibilidade na Consellería de Política Social.

Conta cunha ampla experiencia na xestión administrativa local, xa que en 2006 accedeu ao Concello de Ferrol como concelleiro de Urbanismo. Na etapa 2011 ata 2015, foi nomeado concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Contratación e entre o 2013 e o 2015 ocupou o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde no Concello de Ferrol.

Tamén destaca a súa ampla formación en materia de urbanismo, xa que participou en diversos cursos sobre a xestión e a disciplina urbanística, o patrimonio cultural, a xestión enerxética e o mantemento de edificios públicos.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE OFERTARÁ UN TOTAL DE 1.400 PRAZAS NO ANO 2018 ESGOTANDO A TAXA MÁXIMA DE REPOSICIÓN

- ***Esta nova oferta, unida ás prazas ofertadas o pasado ano, permite achegarse ao compromiso adquirido cos sindicatos no Plan de estabilidade de incorporar 5.000 prazas no período 2017-2020***
- ***Pretende dar resposta ás necesidades asistenciais identificadas como prioritarias polo Servizo Galego de Saúde, como a medicina de familia e pediatría***

O Consello da Xunta aproba o Decreto da oferta pública de emprego (OPE) 2018 do Servizo Galego de Saúde cun total de 1.400 prazas de persoal estatutario. Nesta convocatoria de oferta pública de emprego esgótase a taxa de reposición do 100%.

Do total de 1.400 prazas, está prevista a convocatoria de 512 prazas para facultativos e 659 de diplomados e de formación profesional, e 229 prazas de persoal de xestión e servizos das áreas de administración e hostalería.

Durante o 2018, en total a Sanidade pública galega ofertará 1.461, xa que ás 1.400 prazas citadas anteriormente sumaranse un total de 61 prazas de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989). Destas 61 prazas, 7 corresponden á taxa ordinaria de reposición de efectivos e 54 á taxa adicional para a estabilización de emprego temporal no sector da saúde pública e administración sanitaria. Entre as categorías que serán obxecto de oferta destacan as de inspectores médicos, inspectores farmacéuticos ou farmacéuticos inspectores de saúde pública.

As 1.400 prazas ofertas deste ano súmanse ás 1.616 prazas ofertadas en 2017, achegándose así ao compromiso adquirido cos sindicatos a través do Plan de estabilidade de acadar como obxectivo final no ano 2020 un total de 5.000 prazas. Isto permitirá situar a taxa de temporalidade na porcentaxe do 5 %, tres puntos por debaixo do acordado a nivel estatal.

Reforzo en atención primaria

O Servizo Galego de Saúde aposta por reforzar a atención primaria con esta OPE, así, do total de prazas destinadas a licenciados sanitarios, 116 prazas destínanse a atención primaria nas categorías de medicina de familia, pediatría e odontoloxía.

Tamén se convocan prazas de especialistas para enfermería, cun total de 86 postos para enfermería familiar e comunitaria, enfermería pediátrica, enfermería de saúde mental e enfermería obstétrico-xinecolóxica. O Sergas foi un dos primeiros servizos de saúde en incluír as categorías de especialistas en enfermería familiar e comunitaria e enfermeira pediátrica; así se fixo polo Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Sergas a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista. Estas prazas englobanse dentro das 659 ofertadas a diplomados sanitarios e de formación profesional.

Ademais de atención primaria, esta oferta dará resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas como prioritarias polo Servizo Galego de Saúde, con especial atención aos ámbitos asistenciais cunha maior demanda de efectivos e aquelas outras categorías que rexistran unha maior necesidade de estabilización dos seus cadros de persoal.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade. Do total de prazas, 98 reservaranse para o seu acceso por persoas con discapacidade, e ata un 50 % das prazas convocaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

**CRISTINA PICHEL TOIMIL, NOMEADA NOVA DIRECTORA XERAL DE
XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO**

- ***Esta xornalista, nada en Lalín en 1989, asume o cargo despois de que cesase Cecilia Vázquez Suárez, que asume novos retos a nivel persoal e profesional***

O Consello da Xunta acaba de aprobar o nomeamento de Cristina Pichel Toimil como directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Este cargo víñao desempeñando ata este momento Cecilia Vázquez Suárez, que cesa para asumir novos retos a nivel persoal e profesional.

A nova directora xeral, nada en Lalín en 1989, é licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como redactora en Faro de Vigo e en ABC, antes da súa incorporación ao gabinete de prensa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, a partir deste ano, da Consellería de Cultura e Turismo.

MEDIO RURAL SEPARA A PLANIFICACIÓN E A ORDENACIÓN FORESTAL DO DISPOSITIVO DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS PARA REFORZAR A SÚA APOSTA POLA PREVENCIÓN DOS LUMES

- ***As competencias en materia forestal repártense entre dúas direccións xerais, a de Planificación e Ordenación Forestal e a de Defensa do Monte***
- ***A Dirección Xeral de Defensa do Monte terá dúas subdireccións, unha dedicada exclusivamente a xestionar os incendios forestais e outra a reforzar a aposta decidida da Xunta pola prevención dos lumes, ofrecendo un servizo versátil***
- ***Con esta medida dáse cumprimento ao establecido polo Ditame da comisión parlamentaria creada tras a vaga de lumes do pasado ano***
- ***Medio Rural contará así con catro direccións xerais: Defensa do Monte; Planificación e Ordenación Forestal; Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e Desenvolvemento Rural***

A Consellería do Medio Rural separa a planificación e a ordenación forestal do dispositivo de loita contra os incendios, reforzando a aposta pola prevención dos lumes. Neste sentido, as competencias en materia forestal estarán repartidas entre dúas direccións xerais, a de Planificación e Ordenación Forestal e a de Defensa do Monte. Así o recolle o Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, dando cumprimento ao establecido polo Ditame da comisión creada no Parlamento galego tras a vaga de lumes do pasado ano.

Nesta liña, a nova Dirección Xeral de Defensa do Monte será a que acometa a defensa integral do monte galego contra os incendios forestais, tanto desde o punto de vista da prevención como da extinción, ofrecendo un servizo versátil. Isto amosa a aposta decidida da Xunta pola prevención e polo fomento dun monte ordenado, xa que é a mellor defensa contra os incendios forestais.

Esta nova dirección xeral asumirá, entre outras, as funcións de coordinación entre todas as administracións públicas con competencias na loita contra o lume e de prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas ao respecto. Tamén se ocupará de asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e de tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos.

Así mesmo, o novo departamento dirixirá os equipos de vixilancia que se ocuparán de velar polo cumprimento das medidas de prevención de incendios forestais e, en especial, no que se refire ás obrigas relativas ás replantacións e ás distancias que cómpre respectar. Desenvolverá, ademais, o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais dentro de cada Plan de ordenación dos recursos forestais de distrito e asumirá a tarefa de impulsar, comprobar e exixir a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Outras das súas funcións pasarán por orientar os concellos de ámbito rural para que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios, así como por coordinar o programa de queimas controladas nos distritos fóra do período de máximo risco, co fin de reducir o combustible vexetal acumulado no monte.

O novo departamento de Medio Rural estrutúrase en dúas subdireccións, a de prevención e a de extinción. Á primeira correspóndelle todo o relativo á protección e á defensa dos montes contra os incendios, o apoio ás administracións locais ou o control das medidas normativas de carácter preventivo, entre outras funcións. Pola súa banda, a subdirección de extinción inclúe dous servizos, o de Programación e o de Coordinación. Por unha banda, o de Programación ocuparase da adquisición e renovación de vehículos, despregamento aéreo e de maquinaria pesada, así como da xestión das redes de puntos de auga, vixilancia, comunicacións e bases aéreas. Pola outra banda, o servizo de Coordinación de medios tramitará o relativo aos gastos de extinción, centros de coordinación do operativo, equipos de protección individual, brigadas propias e municipais, camións de extinción propios e municipais, grupos de emerxencia supramunicipal (GES) e seguridade e saúde.

Por último, esta dirección xeral contará cun servizo de Xestión de Fondos e Coordinación, como órgano de apoio ao director xeral nesta materia e para levar todo o relacionado cos convenios que se subscribirán coas administracións locais e coas contratacións públicas que se realicen.

Xunto con esta dirección xeral de Defensa do Monte, funcionará tamén outra de Planificación e Ordenación Forestal, que asumirá as competencias de ordenación, fomento e mellora da produción forestal. Así, abarcará dende a xestión integrada de pragas ata a supervisión e inspección dos proxectos de obras, pasando polo control e certificación de sementes e materiais forestais de reprodución.

Resto da estrutura

Ademais de establecer a creación destes novos departamentos, o Decreto aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego desenvolve o resto da estrutura da Consellería do Medio Rural, que queda, en resumo, configurada polo conselleiro, a secretaría xeral técnica e catro direccións xerais.

Trátase das dúas novas relacionadas coa xestión e defensa do monte, e das xa existentes ata o de agora, a de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e a de Desenvolvemento Rural. Ademais, baixo o paraugas de Medio Rural continúan adscritos o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e as axencias galegas de desenvolvemento rural (Agader) e da calidade alimentaria (Agacal).

En relación con esta última axencia, co novo decreto créase unha Área de Calidade Alimentaria específica, con rango de subdirección. Dentro dela, como novidade, existirá tamén un novo Departamento de Protección da Calidade Diferencial. Desta forma refórzase o papel da axencia como garante da calidade diferenciada das producións agroalimentarias galegas, da formación e da investigación ligadas ao produto.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ LUIS CHAN NOVO DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- ***Debido ao cambio da estrutura orgánica deste departamento, sepárase a planificación e a ordenación forestal da loita contra os incendios, que seguirá dirixida por Tomás Fernández-Couto como director xeral de Defensa do Monte***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de José Luis Chan Rodríguez como novo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural. Este nomeamento débese ao cambio na estrutura orgánica deste departamento, que separa a planificación e a ordenación forestal do dispositivo de loita contra os incendios. Neste último seguirá ao fronte Tomás Fernández-Couto como director xeral de Defensa do Monte.

Nacido no Carballiño (Ourense) o 15 de maio de 1963, José Luis Chan é enxeñeiro técnico en explotacións forestais pola Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal de Madrid e enxeñeiro Superior de Montes pola Escola Técnica Superior de Enxeñería de Montes de Lugo. Dende a súa incorporación ao corpo facultativo da Xunta de Galicia, no ano 1987, desempeñou diferentes postos técnicos no Servizo Provincial de Montes da Coruña (1987-2001) e como xefe de Servizo de Xestión de Montes da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da entón Consellería de Medio Ambiente (entre 2001 e 2005).

Posteriormente foi o subdirector xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Montes, dependente xa da Consellería do Medio Rural, entre os anos 2005 e 2014. Nos últimos tempos ocupou o posto de xefe de Área de Fomento Forestal e de xefe do Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural na provincia da Coruña.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 40 ANIVERSARIO CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

O 6 de decembro de 1978 fúndase unha nova España. Coa Constitución nace unha España de todos, fraterna, libre, plural e aberta. A Constitución é o máis grande monumento colectivo da nosa historia. Porque o fixemos entre todos e porque a todos serve.

O pobo, primeiro a través dos seus representantes lexítimos e logo mediante referendo, decide iniciar unha andaina común.

O noso país deixa de estar asociado a esperanzas incumpridas para transformarse nunha casa común onde os seus cidadáns e os seus pobos poden dialogar e acordar.

Non era certo que a nosa sociedade tiña menos posibilidades de garantir os dereitos e liberdades dos que hoxe gozamos. Non estaba escrita a historia, senón que fomos nós os que a escribimos.

Cúmprese o desexo dunha “liberdade sen ira”. España xa non ten que elixir entre unha paz sen liberdade e unha liberdade sen paz, senón que se une ás nacións do mundo nas cales a convivencia democrática forma parte do cotián.

Por primeira vez temos unha Constitución con vencedores pero sen vencidos. Os vencedores son todos os españois. Os únicos vencidos son vellos augurios que pesaban sobre o noso ser colectivo.

A Constitución é filla do maior éxito político que se pode acadar: o acordo. Trátase da única panca eficaz para deixar ás xeracións vindeiras un legado fiable e duradeiro. Nese momento da nosa historia o verdadeiro patriotismo radicou na xenerosidade. Cada un dos actores políticos perdeu algo para que puidésemos gañar todos os españois. E, grazas a iso, foi posible aglutinar todas as sensibilidades que non moito tempo atrás parecían imposibles de incorporar nun proxecto común.

Gañamos todos cunha Constitución que tamén consagra a igualdade e respecta a diversidade. Grazas a ela, demostramos que é perfectamente compatible protexer as diferenzas entre os distintos territorios que compoñen a nosa nación e, ao tempo, establecer marcos comúns que fortalezan unha España democrática. Conformamos unha nova unidade na que a ninguén se lle nega a súa perspectiva e que nos pon de acordo no fundamental.

Aos galegos permítenos fundar tamén unha Galicia nosa. Nunca antes unha Constitución recoñecera de maneira tan explícita e unánime a pluralidade do país, e en consecuencia, os dereitos dos galegos.

Galicia é artífice da Constitución. Participa na súa elaboración e ratificación, e máis tarde fundamenta nela o seu Estatuto de Autonomía. Faise realidade unha Galicia libre nunha España libre, sen conflitos nin menoscabo da unidade esencial do noso pobo. Fomos parte activa dese fito histórico que nos trouxo á democracia e queremos seguilo sendo.

Non renunciámos a ser españois para ser galegos nin a ser galegos para ser españois. Referendamos que as identidades suman e conviven, non confrontan.

Sendo como é a Constitución un éxito da historia de España, e por tanto da historia de Galicia, o seu 40 aniversario é motivo dabondo para sentir un xustifico orgullo e avogar polo fortalecemento dos valores que a inspiraron.

Son eses valores os que sustentan a nosa liberdade, a nosa igualdade e, en definitiva, a nosa convivencia. A Constitución conserva intacta a súa vixencia como marco necesario para o diálogo e o acordo. Foiño entón e tamén o é agora.

Sen descartar reformas que conciten o acordo de todos, o esencial nesta hora é revitalizar aquela tolerancia e aquel intenso diálogo que presidiron o nacemento da nosa Carta Magna. O mesmo pobo que inspirou e apoiou aquel logro sen precedentes, necesita hoxe que o espírito constitucional non esmoreza.

Hoxe máis que nunca debemos reivindicar a xenerosidade e a responsabilidade que inspirou a nosa Constitución.

Hoxe é a nosa quenda de asegurar para as vindeiras xeracións o marco de convivencia estable que nos trouxo os mellores anos, a mellor Galicia e a mellor España da nosa historia.

Ante os que intentan romper a convivencia, ante os que culpan á Constitución de todos os males, reivindicemos que só da lei e dentro da lei poden vir as solucións dos retos presentes e futuros.

Defendamos estes corenta anos como o mellor patrimonio que nos legaron os nosos pais e tamén como o mellor que podemos deixar aos nosos fillos.

Estamos en disposición de facelo porque os valores que alberga non son anacrónicos, senón tan necesarios como hai corenta anos:

A Constitución non impide o diálogo, senón que o defende.

A Constitución non limita as nosas liberdades, senón que as garante.

A Constitución non cercea a diversidade, senón que a respecta.

A Constitución non impide o progreso social e económico, senón que o facilita.

A Constitución non nos fai inmovilistas, senón que garante que a cerna do Estado a decidamos entre todos.

E, sobre todo, a Constitución non só protexe a nosa democracia, senón que a fundamenta.

O 6 de decembro de 1978 nace unha España nova, e nace unha nova Galicia.

Son a casa da democracia e da autonomía.

Son a casa na cal podemos ser nós, na cal podemos ser libres.

A XUNTA INCREMENTA NUN 7,3 POR CENTO AS AXUDAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR PARA ONGD E OUTROS AXENTES

- ***A convocatoria terá carácter plurianual, 2019-2020, e acada os 3,5 millóns de euros. As entidades beneficiarias poden ser tanto ONGD como universidades, empresas, sindicatos ou comunidades galegas no exterior***
- ***Para os proxectos no exterior de ONGD destínanse 2,8 millóns de euros e para os proxectos no exterior doutros axentes 700.000 euros***

O Consello da Xunta aprobou a orde da Vicepresidencia de axudas para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, por importe de 3,5 millóns de euros, o que supón un incremento dun 7,3 por cento con respecto á anterior convocatoria.

A convocatoria terá carácter plurianual, 2019-2020, e as entidades beneficiarias poden ser tanto ONGD como poden ser as universidades, empresas, sindicatos ou comunidades galegas no exterior, entre outros. Para os proxectos no exterior de ONGD destínanse 2,8 millóns de euros e para os proxectos no exterior doutros axentes 700.000 euros.

A través desta orde financiaranse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario, mediante actuacións para dar cobertura ás necesidades sociais básicas, como a educación básica, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a saúde xeral e básica, a habitabilidade e tamén mediante a promoción do tecido económico concretamente en agricultura, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, mantéñense os criterios de financiamento do ano 2018, de xeito que, no caso dos proxectos executados polas ONGD, se poderán financiar como máximo dous proxectos, ben sexa individuais ou en agrupación, sempre que un dos proxectos, polo menos, sexa executado nun país definido como prioritario no IV Plan Director da Cooperación Galega, actualmente, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde. No caso dos outros axentes de cooperación, estes só poderán presentar un proxecto, ben sexa individual o en agrupación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO CONSTRUTIVO DA PROLONGACIÓN DA VÍA ÁRTABRA ATA A AP-9, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 35 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego prevé aprobar as expropiacións e iniciar a contratación das obras do 1º tramo da conexión entre a N-VI e a estrada AC-221 antes de que remate o ano***
- ***Deste xeito será posible avanzar na actuación mentres o Ministerio de Fomento segue pendente de resolver a autorización para facer posible a conexión coa Autoestrada do Atlántico***
- ***Esta actuación dará continuidade ao treito da Vía Ártabra xa en servizo entre O Castelo e a N-VI e permitirá dotala de plena funcionalidade, mellorando o acceso á cidade da Coruña aos veciños de Cambre, Sada e Oleiros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de construción da prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, unha actuación na cal a Administración autonómica investirá máis de 35 millóns de euros.

Esta actuación desenvolverase en dúas fases, unha primeira entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, e unha segunda, entre esta última vía e a autoestrada AP-9, que requirirá da autorización do Ministerio de Fomento.

O Goberno galego prevé aprobar as expropiacións e licitar antes de que remate o ano as obras da primeira fase, entre a N-VI e a estrada San Pedro de Nós- Mabegondo (AC-221) para comezalas no 1º semestre de 2019. Isto permitirá avanzar no desenvolvemento da actuación mentres o Ministerio de Fomento non resolve a autorización da conexión coa Autoestrada do Atlántico.

A prolongación da Vía Ártabra é unha actuación estratéxica para completar o treito da estrada xa en servizo entre O Castelo e a N-VI, permitindo dotala de plena funcionalidade, ao mellorar o acceso á Coruña e a seguridade viaria para os tráfico procedentes de Cambre, Oleiros e Sada.

O documento técnico aprobado hoxe polo Consello da Xunta desenvolve os proxectos de trazado correspondentes aos treitos “Lorbé-AC-221” e “AC-221-Autoestrada AP-9” aprobados nos anos 2008 e 2009 respectivamente.

Este proxecto construtivo foi sometido a información pública, permitindo realizar achegas tanto ás administracións públicas como a particulares interesados. Como resultado dese proceso e dos informes solicitados, recibíronse varias alegacións e suxestións que permitiron enriquecer o proxecto.

As obras previstas no proxecto construtivo aprobado hoxe polo Consello da Xunta teñen unha lonxitude de case 4 quilómetros e están compostas polos seguintes elementos: un enlace de conexión da Vía Ártabra coa N-VI, un tronco desde esa estrada nacional ata a

AP-9, unha conexión coa AC-221, que inclúe o ramal de conexión co polígono do Espírito Santo, e un enlace coa AP-9.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 659.000 EUROS Á LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- ***O departamento educativo da Xunta de Galicia chegará 658.864 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias para que esta se faga cargo destas tarefas en 34 centros públicos integrados de toda a xeografía galega***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de toda a xeografía galega. En total, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará 658.864 euros a este fin. Como é habitual, será a FEGAMP a que se encargue da contratación.

O convenio enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE CATRO MILLÓNS DE EUROS NA REMODELACIÓN DO BORDO PORTUARIO DE PORTO DO SON

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para realizar esta actuación para a que se prevé investimento entre os anos 2019 e 2021***
- ***O obxectivo deste proxecto é potenciar o carácter portuario de Porto do Son e permitir a integración entre o porto e a vila***
- ***As obras comprenderán a ordenación e repavimentación da zona portuaria máis en contacto coa vila e a construción dun edificio de usos náuticos de máis de 440 metros cadrados útiles interiores***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o ete Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, e o Concello de Porto do Son para a remodelación integral do bordo portuario desta vila coruñesa, unha obra en que a Xunta de Galicia investirá preto de catro millóns de euros entre os anos 2019 e 2021.

Esta actuación ten como obxectivo potenciar o carácter portuario de Porto do Son e permitir a integración entre o porto e a vila. Con ese fin, as obras comprenderán a ordenación e repavimentación da zona portuaria máis en contacto coa vila e a construción dun edificio de usos náuticos de máis de 440 metros cadrados útiles interiores dividido en dous locais independentes e con estrutura de formigón armado e planta baixa con cuberta plana.

Deste xeito, darase resposta á demanda da vila de Porto do Son e, para iso, o proxecto recolle obras nunha superficie de preto de 26.000 metros cadrados dos cales máis de 21.000 están no deslinde portuario e preto de 5.000 dentro dos espazos urbanizados polo Concello de Porto do Son e pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

As actuacións de ordenación e repavimentación comprenderán a ampliación do espazo de uso peonil próximo ás vivendas. Iniciaranse na zona do cruceiro, resolvendo o acceso desde a estrada AC550 mediante unha rotonda e ademais, na zona do cruceiro, crearase un miradoiro. Tamén se alongará a beirarrúa da zona do muro que contén a estrada sobre o parque e a praia, de maneira que se comunicarán e se relacionarán ambos os lugares.

A partir de aí, a urbanización desenvolverase como unha plataforma única onde o pavimento e o arboredo delimitan os usos. Deste xeito, a vía rodada principal manterá a pavimentación xeral dos espazos peonís en formigón, deixando a lousa de granito en espazos relevantes e na prolongación das rúas do interior do núcleo cara ao mar, chegando a adentrarse nel sobre o enrochado mediante gradas, escaleiras e pequenos balcóns e miradoiros.

A maiores, na zona de Barranqueira, o proxecto inclúe unha praza de granito onde se situará a fonte e, á altura da praza de España, no interior do núcleo, definirase unha estrutura de postes e vigas cruzadas en madeira que recordarán os secadoiros das redes.

Un pouco máis adiante, definiranse dúas grandes superficies, unha libre e outra arborizada, esta última prevista para usar como aparcadoiro.

A conexión entre o paseo e o borde do porto farase a través de pequenas ramplas que o cruzan como prolongación das rúas. Por último, na zona final, está prevista a construción do edificio de usos náuticos.

Portos de Galicia finalizou o proxecto técnico desta actuación e licitará a obra despois de asinar o convenio de colaboración co concello de Porto do Son. O prazo previsto para a execución da obra é de 18 meses.

A PRIMEIRA ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL IMPULSARÁ 25 MEDIDAS ATA 2021 CO OBXECTIVO DE XERAR 3000 EMPREGOS E CREAR 300 NOVAS ENTIDADES NESTE SECTOR

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a iniciativa, que está consensuada co sector e conta cun orzamento de 73 millóns de euros para os próximos tres anos***
- ***Os principais destinatarios da actuación son as cooperativas, as sociedades laborais, os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, que suman en Galicia máis de 3000 entidades cun volume de negocio próximo aos 3000 millóns de euros e xera preto de 14.500 empregos directos***
- ***As medidas van dirixidas á creación de emprego e ao impulso ao emprendemento -en especial entre as mulleres, a mocidade e no rural- atraendo talento, mellorando a formación, fomentando a inclusión laboral, promovendo a innovación e a internacionalización e dando maior visibilidade a estas fórmulas de negocio***
- ***O obxectivo final é incrementar nun 10 % as entidades de economía social, aumentar nun 20 % o número de empregos, incrementar a presenza feminina nestas entidades e reducir á metade o tempo para a súa constitución***
- ***Entre os novos programas destacan incentivos ao emprendemento; o impulso dos proxectos de investigación e innovación, facilitando a incorporación das novas tecnoloxías; a reforma e modernización dos rexistros; ou a posta en marcha do Consello Galego de Economía Social***

A nova Estratexia galega de economía social, que aprobou hoxe o Consello da Xunta, impulsará ata 2021, cun orzamento global de 73 millóns de euros, 25 medidas -11 son pioneiras- para favorecer o crecemento e a consolidación do sector. A finalidade desta iniciativa, que foi consensuada co sector tras un proceso participativo coas entidades máis representativas, é crear novas oportunidades de negocio en empresas que están enfocadas ás persoas e que contan cunha maior cohesión territorial e social. En concreto, a previsión é que en Galicia se poidan constituír 300 novas entidades e xerar 3000 empregos.

Deste xeito, a Estratexia vai dirixida principalmente ás cooperativas, ás sociedades laborais, aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral que suman en Galicia máis de 3000 entidades cun volume de negocio próximo aos 3000 millóns de euros e xeran preto de 14.500 empregos directos. Esta nova folla de ruta conta con tres retos: sumar capacidades, sumar sustentabilidade e sumar identidade.

Esta actuación impulsará as entidades de economía social con especial atención ás de singular arraigo no seu contorno e ás que xeren emprego nos sectores máis desfavorecidos. A iniciativa entronca tamén co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 que recolle como actuacións prioritarias a creación de máis emprego de calidade e o aumento das rendas dos traballadores e traballadoras galegos.

O obxectivo final é incrementar nun 10 % as entidades de economía social, chegando ás 3300; aumentar nun 20 % os empregos, ata os preto de 17.500; potenciar a presenza feminina nestas entidades, acadando o 50 % de mulleres promotoras nas novas cooperativas e sociedades laborais; e reducir á metade o tempo de constitución destas entidades, favorecendo o procedemento electrónico e mellorando a organización dos rexistros. Do que se trata é de fortalecer a economía social axudando a crear máis emprego de calidade.

Atracción de talento

A través do pioneiro reto, para sumar capacidades, poranse en marcha programas para atraer talento, mellorar a formación dos emprendedores, promover a economía social entre as mulleres, a mocidade e no rural e fomentar a inclusión laboral. Así, como novidade, impulsarase un programa de fomento da economía social entre o alumnado universitario e de formación profesional, ao tempo que se promoverá a creación de cooperativas escolares entre os estudantes de primaria e secundaria para darlles a coñecer este sector e os seus valores. Tamén, como novidade, aprobaranse incentivos ao emprendemento na nova economía (empresas de nova creación baseadas na tecnoloxía, a economía colaborativa e circular).

Reforzaranse, ademais, iniciativas de formación como os laboratorios cooperativos e aquelas que están destinadas a promover o acceso das mulleres ao emprego e postos de responsabilidade, así como á integración laboral de colectivos con especiais dificultades como son as persoas con capacidades diferentes ou os que están en risco de exclusión.

Máis sustentabilidade e visibilización

Para sumar sustentabilidade –o reto 2- fomentaranse proxectos de innovación, facilitarase a internacionalización, buscaranse novos mecanismos de financiamento, promoverase a produción responsable, actualizarase o marco normativo e favorecerase o acceso á contratación pública. Para iso, activaranse novos programas ou criterios que faciliten o acceso das empresas de economía social a proxectos de investigación, internacionalización e innovación e servizos a empresas para a súa transformación en empresas de economía social que comprendan diagnóstico, asesoramento específico e axudas. Tamén, como novidade, apoiaranse os procesos de cooperación e integración empresarial para que estas entidades gañen en competitividade.

Así mesmo, adecuarase a normativa galega no ámbito das cooperativas, centros especiais de emprego e empresas de inserción ás necesidades actuais. Tamén se modernizarán os rexistros destas empresas para facilitarlles os trámites e mellorar a recompilación de información. Así mesmo, impulsaranse programas de financiamento como o do Fondo de Economía Social de XesGalicia e o apoio ás entidades que promoven a inserción laboral das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión.

Por último, para sumar identidade –reto 3- aprobaranse medidas para mellorar a visibilización e o coñecemento destas entidades, entre as que resaltan a publicación dun

catálogo da economía social onde se analizará o sector, poranse en marcha novas campañas de difusión e activarase o Consello Galego de Economía Social, ao tempo que se seguirán apoiando as asociacións máis representativas. Dinamizarase tamén a Rede Eusumo, que en cinco anos sumou 220 entidades adheridas, asesorou 600 proxectos, promoveu a constitución de 120 empresas, realizou 830 actividades formativas e conta con máis de 7300 seguidores nas redes sociais.